



CONTRATAÇÃO DO SERVIZO DE "RESTAURACIÓN DO RETABLO MAIOR DA IGREXA DE STO. TOMÉ DE ANCORADOS (A ESTRADA)

Expediente núm.:	Departamento:
5234/2024	Alcaldía

MEMORIA XUSTIFICATIVA SOBRE A NECESIDADE, IDONEIDADE E EFICENCIA DA CONTRATACIÓN

1.-OBXECTO DO CONTRATO.

O obxecto deste contrato consiste en levar a cabo as actuacións necesarias para a restauración do retablo da igrexa de San Tomé de Acorados, deste Concello.

2.-NECESIDADE E IDONEIDADE DO CONTRATO.

A necesidade da celebración deste contrato ven determinada polo o estado no que se atopa o retablo, xa que tendo en conta que se localiza no muro de peche da cabeceira da igrexa de Santo Tomé de Acorados, concretamente apoiado no muro leste da edificación adaptándose ao espazo superior abovedado, require dunha restauración urxente para evitar o seu deterioro definitivo.

3.-MOTIVACIÓN DA NON DIVISIÓN EN LOTES.

Segundo o disposto no artigo 99.3 da LCSP, o órgano de contratación, poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos que deberán de xustificarse no expediente. Dita xustificación é a seguinte: O obxecto do contrato non se divide en lotes, a efectos da súa execución, xa que a labor de restauración hai que entendela como un todo, non sendo posible actuar no retablo por partes.

4.-XUSTIFICACIÓN DE ELECCIÓN DE PROCEDIMENTO.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, de acordo co artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español das directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Optase polo procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público como procedemento ordinario, e a efectos de facilitar a maior concorrencia posible.

5.-ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.

O órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local, de conformidade co Decreto 2023-0854 do 20 de xuño de 2023 de delegación de competencias.

6.-DURACIÓN DO CONTRATO E PRÓRROGAS.





A duración deste contrato será de cinco meses..

7.- VALOR ESTIMADO DO CONTRATO EORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN.

O valor estimado ascende a contía de 42.107,00 euros e o orzamento base de licitación ascende á cantidade de 50.949,47 € (42.107,00 € + 8.842,47 € de IVE), de conformidade cos orzamentos en vigor.

8.-LUGAR DE PRESTACIÓN.

Concello da Estrada.

9.-PUBLICACIÓN.-

A presente memoria debe publicarse no Perfil do Contratante desta Administración aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, para os efectos previstos no artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

O Concelleiro delegado,

Documento asinado dixitalmente á marxe

